



CONTOS QUE
CONTAXIAN ILUSION

bibliotecainfantil.fundaciononce.es



1

Nacho Pista Tenista



2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Sobre A Espiña Bífida

A espiña bífida é unha lesión que afecta a **columna vertebral** e a medula espiñal, xa sabedes, esa fila de ósos ben pegadiños que percorre as nosas costas e o tubiño de nervios e líquido que protexen..., pois ben, os nenos que nacen con espiña bífida poden ter *dificultade para camiñar* coma lle pasa a Nacho, o protagonista desta historia.

Nacho naceu con espiña bífida e **non pode mover** ben as pernas, por iso usa uns bastóns para camiñar. A outros amigos que naceron co mesmo pasanlles outras cousas.


Dependendo de se a ferida está máis abaixo ou máis arriba na columna, poden perder mobilidade nos dedos dos pés ou en gran parte do corpo. Por iso con axuda dos pais, os doutores e as asociacións, os nenos e as nenas con espiña bífida acostúmanse ao seu corpo e sácanlle todo o partido.

Van ao colexio, len, xogan, ven películas, debuxan, pintan e fan deporte, si, deporte... Vistes algunha vez os xogos **PARALÍMPICOS**...

Pois moitos medallistas teñen espiña bífida.

Os papás de Nacho souberon tempo despois de que el nacesse que a espiña bífida nalgúns casos se pode prever se a nai toma **ácido fólico** polo menos tres meses antes do embarazo.

Con este magnífico conto que tes nas túas mans, queren dicirllelo a todos os papás e mamás do mundo.



3

4

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Chámome Nacho e xogo ao tenis, gústame
NADAR, as **MateS**, os **xeados de chocolate**
 e os *libros de contos*.

Tamén teño espiña bífida, que soa a algo así
 como que me cravei **un óso de serpe no pé**,
 ppero é simplemente que a miña espiña
 dorsal saíu do seu sitio porque,
 antes de nacer, **os ósos das costas non se**
colocaron tan xuntiños
coma deberían ter feito i,
 e por iso as miñas
 pernas



5

MÓVENSE
 MAIS
 BEN
 POUCO

Nada máis nacer,
 operáronme das
 costas e tamén da
 cabeza, porque a tiña

**MOI
 GRANDE.**




Agora xa a teño máis ben tirando a mini,
 pero **MEU Pai**, que é moi gracioso,
 ségueme a chamar pequeno **CASPER**
 he, he.

6

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

E coma vos ía dicindo, despois de operarme, movíame tanto de lado a lado que tiña a todos **ASUSTADOS** pensando que me podía mancar. Porén, eu sempre pensei que o que de verdade tiña eran ganas de comezar **A MIÑA CARREIRA DEPORTIVA.**



Cando cumprín 5 anos, á miña nai dixéronlle uns médicos amigos seus que o mellor para min e para a miña columna era "estimular o meu **crecemento e a miña independencia**", e a partir de aí deixáronme mover máis e apuntáronme a **CLASES DE TENIS** en cadeira de rodas.

7

E debeu resultar, porque eu son independente, pero a miña **COLUMNA**... o é aínda máis. Gústalle facer a súa propia vida, por iso teño que estar vixiándoa todo o día para que faga o que ten que facer:

Levarme ao cole ao ritmo das miñas muletas, aguantar as clases sen dicir AI!, acomodarse á cadeira de rodas nos adestramentos

e deixarme durmir polas noites, entre outras cousas.




8

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Antes dos partidos, teño que ter unha charla con ela para que poña todo da súa parte:



"Mira colum (eu chámoo así), que o partido de hoxe é máis que difícil, Mario Marcelo é cabeza de serie (iso quere dicir que é un dos que mellor xogan) e din que ten un hha dereita tremenda, PUM! fai a raqueta e a bóla vai á liña de fondo... e a ver quen é o guapo que devolve iso".

Colum escoita atentamente e, logo, actúa coma se entendese. En medio do set, cando toca facer un movemento rápido e forte, responde apertándose contra o respaldo da cadeira, axudándome a devolver a pelota

FACENDO UN WINNER
(é dicir... un punto gañador)

8

Aínda non estou na clasificación nacional, acabo de comezar. O meu soño é participar **xogos paraolímpicos** parte hartzea e gañar unha medalla, dedicarlíalla aos meus pais e á miña irmá **GELLA**.

Aos meus pais porque son uns campións que terían que ter, non unha medalla, senón centos, e á miña irmá porque a quero máis que a nada.

AMoz NASZO!

Naceu despois ca min. Ela non ten o mesmo que eu. **BUF**, corre moitísimo! É a miña maior fan. Nos campionatos séntase na bancada moi seria, agarrada ao seu osiño e cando gaño un punto grita: **Amoz Naszo!** (Naszo son eu).

É MÁIS LISTA!

Na casa gústalle sentarse comigo e suxeitar as miñas muletas azuis coas súas manciñas mentres falamos.



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Eu cóntolle un conto cada noite, e ás veces invéntoos.

Os que me saen son **contos de aventuras**
 cun príncipe que vai a cabalo a salvar
 a súa irmá vítima
 dun **FEITIZO**.



O **PRÍNCIPE** son eu e cabalgo
 veloz na procura da
 princesiña, que é ela, claro.

No meu escudo de armas teño
 como distintivos
unha pelota
e unha raqueta.
 e hai
 un dragón que ao ver a
 miña imponente presenza...
 sae

correndo
para non
volver.



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

A miña irmá escoita entusiasmada porque lle encantan as

MIÑAS HISTORIAS...

e o outro día cando me viu sentado na cadeira de rodas que uso para **xogar ao tenis** dixo sorrindo: abalo... que no seu idioma quere dicir **CABALO**.

Quéroa tanto, é tan divertida e tan simpática. Espero que cando sexa maior siga indo ver os meus partidos, porque ninguén me anima coma ela. Para os xogadores é moi importante oír os **APLAUSOS** e os **GRITOS DE ÁNIMO** dos espectadores e se aínda por riba son da súa familia con máis razón.



Eu estou detrás dos meus pais preguntando todo o día: **CANDO IMOS TER OUTRO bebé na casa?**

E eles míranse e rin. Espero que esas risas signifiquen que a resposta é moi pronto!... Porque non hai nada que me apeteza máis que ter a casa chea de irmanciños que queiran escoitar contos e **xogar ao tenis coma eu**, o seu irmán máis vello



fin

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.